CONCELLO DE MELIDE

CONCELLO DE MELIDE
(A Coruña)
30 OUT. 2026
SAÍDA Nº 4400

RESPOSTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA SA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA-CONSERXE, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, Á ALEGACIÓN PRESENTADA POR SANTIAGO C.G.

En Melide, a 30 de outubro do 2026, sendo as 12:30 horas, reúnense baixo a presidencia de Guadalupe Vázquez Ascariz, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para resolver a alegación presentada respecto da pregunta número 22 do cuestionario do **1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORDENANZA-CONSERXE, PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Presidenta: Guadalupe Vázquez Ascariz

Secretario: José Luís Guerra Ferreiro

Vogais: María Jesús Sande Vázquez

María José Ferro Gómez

Joaquin Vázquez Rodríguez

Logo de ver a alegación presentada por SANTIAGO C.G., con DNI ***9046**, de data 28/10/2026 e nº de rexistro de entrada 202699900002265 á pregunta nº 22 do cuestionario e sobre a que dí: *"A pregunta establece un peso máximo para unha muller sen especificar a idade, as condicións de manipulación nin as circunstancias concretas da tarefa"*. Polo cal solicita que se anule e se proceda á utilización das preguntas de reserva.

A comisión seleccionadora RESOLVE:

Segundo a Guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo actualizada, a carga máxima aconsellada para unha muller buscando unha protección axeitada de maneira xeral (sen rentrinxir a condición a unha franxa de idade concreta nin presupoñer condicións ideais ou de laboratorio), a resposta correcta debe ser obrigatoriamente a que garanta a seguridade de todo o colectivo, é dicir, 15 quilos. Tomar como resposta xeral os 20 quilos, deixaría desprotexidas a todas as traballadoras fóra do rango de 20 a 45 anos.

En consecuencia, desestímase a alegación presentada

Non sendo outro o obxecto desta reunión, a Presidenta do Tribunal da por remato o acto cando son as 13,30 horas do día sinalado, dispoñendo que redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal, e eu Secretario, dou fe.

A comisión seleccionadora

CONCELLO DE MELIDE (A Coruña)


CONCELLO DE MELIDE
30 OUT. 2025
SAÍDA Nº